

## PREGUNTAS SOBRE COPYING BEETHOVEN

- 1.Data e lugar de nacemento e defunción de Beethoven.
- 2.Beethoven da comezo a un período musical chanado .....Características de este período
- 3.En que grandes períodos musicais se divide a obra do compositor? Características xerais de cada un destes períodos.
- 4.Cantos concertos para piano ten Beethoven?Que nome recibe o seu último concerto?
- 5.Cantas sinfonías ten escritas?.Coméntaas brevemente.
- 6.Que novidades aporta a novena sinfonía do compositor?
- 7.Por que grande obra foi interrompida a composición da última sinfonía?
- 8.Cita o nome da única ópera de Beethoven, o título da obertura e expón o seu argumento.
- 9.Cres que esta descrición sacada dun libro correspóndese con Beethoven.Explica o por que."**En este momento los artistas no pretenden plasmar valores colectivos, la finalidad del arte tampoco es didáctica. Simplemente, y como rasgo universal, desean plasmar emociones auténticas, sentimientos exaltados que desbordan el control de la razón, tal y como se reflejará en sus escritos y en sus obras**"
- 10.En que ano foi a estrea da película?
- 11.Nome e nacionalidade da directora e cita o nome dos dous principais protagonistas.
- 12.Que te pareceu a interpretación do protagonista?
- 13.En 1802 que doenza física lle levou a escribir o testamento de Heiligenstad?Resume o contido.
- 14.Que cres que está tentando transmitir o autor ó principio da película, cando está escoitando a fuga?
- 15.Como reacciona o compositor ó saber que a copista que lle enviaran era unha muller?Como definirías o carácter e a situación de Ana ó longo

da película tendo en conta a época? Cres que se a Beethoven lle tiveran enviado a unha muller de copista a relación houbera sido a mesma?

16. Nun momento da película o protagonista di que existen outras famosas compositoras, di o nome de dúas delas.

17. A que se refire exactamente Ludwig cando di que é o momento de comezar algo novo e por eso lle envían a unha muller?

18. Comenta como era a relación co seu sobriño Karl.

19. Como lle explica a Anna como son os músicos?

20. Que dixo antes de comezar a dirección da novena sinfonía? Cres que é certo? Por que?

21. Cantos movementos ten a novena sinfonía? Que novidades aportou a música? En que texto se basea o fragmento coral do cuarto movemento?

22. Como foi en realidade a estrea da novena?

23. Que cres que tentaba explicar Beethoven coa destrución da ponte?

24. Que simbolismo hai na escea do baño?

25. Que metáfora hai ó final da película?

26. Valoración persoal da película.